

Audición e aprendizaxe

O pasado xoves 3 de marzo celebrouse o Día Internacional da Audición. Dende 2007 a Organización Mundial para a saúde (OMS) realiza dita celebración co obxectivo de impulsar a detección temperá e intervención de calquer tipo de deterioro auditivo, así como sensibilizar sobre o coidado do oído.

Cada ano a OMS decide o tema e un lema e elabora un folleto para que a campaña teña maior impacto. En 2021 o lema plantexado é “Coidado auditivo para todos. Detectar, rehabilitar, comunicarse”.



A detección temperá é fundamental para minimizar as consecuencias da perda de audición no desenvolvemento e, polo tanto, no rendemento escolar. Dende a prevención é posible mellorar a calidade de vida das persoas con problemas auditivos.

¿Sabes que moitas dificultades de aprendizaxe poden vir derivadas dun problema auditivo sen diagnosticar?

A deficiencia auditiva é relativamente frecuente en rapaces. Preto do 1,9% dos nenos teñen problemas de audición, e a perda permanente da audición atópase en máis de 1 de cada 1000 rapaces e rapazas examinados por una perda auditiva, teñan ou non síntomas. A deficiencia auditiva é lixeiramente máis frecuente en varóns.

O feito de non identificar nin tratar unha deficiencia auditiva afecta gravemente ó neno na súa habilidade para falar e para comprender a linguaxe.

Os rapaces con dificultades auditivas, tanto se son transitorias coma permanentes, teñen máis dificultades de atención e de rendemento académico pois a perda da audición inflúe na súa aprendizaxe, na adquisición de destrezas de comunicación, linguaxe e socialización. Polo tanto, canto máis cedo se detecte e se interveña ó neno, maior será a probabilidade de que acade todo o seu potencial.

Por todo isto, os otorrinolaringólogos consideran fundamental ter en conta as sinais de sospeita en cada etapa e acudir á súa consulta o antes posible para realizar un diagnóstico e tratalo a tempo no caso de ser preciso.

Pero... ¿Cales poden ser as causas dun problema auditivo?

Dentro das múltiples causas que poden ocasionar un déficit auditivo transitorio ou permanente, as máis frecuentes poden ser:

- Infeccións de oído (otite).
- Acumulación de cerume.
- Traumatismos por lapis ou outros obxectos introducidos profundamente no oído.
- Baixos niveis de osíxeno en sangue ou convulsións producidas por un parto difícil.
- Antecedentes de perda auditiva temperá na familia.
- Traumatismos craneais con perda de conciencia.
- Trastornos neurolóxicos ou neurodexenerativos.
- A exposición ó ruído de alta intensidade ou durante períodos largos...



¿Sabías que...?

Se os nenos ignoran ás persoas que lles dirixen a palabra de forma ocasional, é probable que teñan algunha afección auditiva e deban recibir valoración médica.

Na meirande parte dos casos, a perda auditiva dos nenos e nenas detéctase nas probas realizadas pouco despois do seu nacemento. Porén, noutros a súa identificación resulta máis complicada.

É posible que non saiba que o seu fillo padece unha perda auditiva, especialmente se aínda non comezou a falar. Por iso é tan importante recoñecer as sinais e síntomas para poder tomar medidas chegado o momento.

¿Que sinais podemos observar para detectar un posible problema auditivo en rapaces en idade escolar?

Na aula:

- Non segue ordes sinxelas, como “colle o estoxo”, nin entende instrucións simples. Ás veces pénsase de xeito equivocado que se trata de falta de atención ou que o neno simplemente ignora á outra persoa, pero pode ser o resultado dunha perda auditiva parcial ou total.
- Frústrase con facilidade ou ten crises comunicativas.
- Adquisición tardía do xogo simbólico.
- A súa capacidade para falar e comunicativa está por debaixo do normal. Non fala de forma clara.
- Distráese moito e é incapaz de manter a atención nas súas tarefas.
- Fai acenos coa cara ou dirixe un dos oídos cara diante para escoitar ó mestre.
- Depende moito da lectura dos beizos.
- Realiza un sobreforzo nos ditados e agóbiase.
- Oe, pero non entende, sobre todo na escola, instituto ou cando hai varias persoas falando á vez.
- Baixa o rendemento escolar, o mestre decátase de que non escoita nin responde en clase como os demais nenos.

Na casa:

- A miúdo di “¿que?”.
- Comeza a falar máis alto que antes.

- O neno oe ben a maior parte do tempo, máis noutras ocasións non responde.
- Chega canso do colexio polo esforzo de ter que concentrarse para entender o que lle están a dicir.
- Sube demasiado o volume da televisión.
- Comeza a escoitar un ruído no oído (acúfeno). Por exemplo, no caso dos adolescentes poden comezar a escoitalo á saída dun concerto, discoteca ou no intre despois de escoitar música cos auriculares moi altos. Deben consultar aínda que este ruído desapareza.
- O neno mira con intensidade cando se lle fala, coma se estivera concentrado, o cal pode indicar que está pendente de signos visuais para interpretar a fala.

No patio:

- Cóstalle socializar cos seus compañeiros.
- Mal equilibrio e coordinación.
- Pouca habilidade en deportes e/ou actividades motrices...

¿Está ben empregado o termo xordomudo?

Definitivamente non. A palabra “xordomudo” é un termo molesto e ofensivo para as persoas xordas xa que a dificultade auditiva non impide por si mesma o desenrolo da fala. Soamente que dito desenvolvemento é moi diferente cando non escoitas.



**¡Recuerda! se dice Sordo/a
NO sordomudo, mudito, sordito...**

De feito existen distintos tipos de discapacidade auditiva:

- **Lixeira (perda tonal entre 21 y 40 dB):** Cando o alumno amosa dificultades para percibir en espazos ruidosos ou captar sons moi baixos ou afastados. **A hipoacusia leve é moi sinxelo que pase desapercibida** en rapaces pequenos, pero a corto prazo afecta á expresión oral, á adquisición da lectoescritura e ó rendemento escolar.

- **Hipoacusia moderada (perda entre 41 y 70 dB):** o alumno precisa que se lle fale nun ton de voz elevado para poder captar a información. Cando a perda auditiva é prelocutiva (antes de que o neno aprendera a falar) mostra notables déficits en todas as áreas da linguaxe: fonética, semántica e sintáctica. Precisa axuda de audífonos, **implantes cocleares** e sistemas de FM durante as clases.
- **Severa (perda entre 71 y 90 dB):** a persoa percibe soamente os ruídos fortes e as palabras sempre que se lle fale preto do oído. O desenvolvemento da linguaxe oral é moi limitado; por iso, o alumno precisa audífonos, traballar cun logopeda, apoio pedagóxico no seu centro e adquirir a lingua de signos.
- **Profunda (perda entre 91 y 120 dB):** o alumno non percibe a fala e **non desenvolve a linguaxe oral de maneira espontánea**. Precisarán aparatos auditivos, o uso de sistemas de FM, aprender a lingua de signos e unha intervención terapéutica e pedagóxica personalizada e constante.



¿Que debemos facer se o noso fillo/alumno amosa síntomas de dificultade auditiva?

O primeiro paso é acudir ó pediatra e comentarlle o que nos preocupa. Este comprobará os oídos do neno e indicará como proceder para o seu tratamento.

Se derivado o caso, os tratamentos para infeccións temporais ou as prótese auditivas tradicionais no son eficaces para o rapaz, existen moitas outras solucións auditivas como, por exemplo, os implantes cocleares ou os implantes de condución ósea.

Consellos respecto ás medidas ordinarias dentro da aula

- Coidar as condicións acústicas da aula: utilizar **sistemas de frecuencia modulada**, sentar ó neno preto do mestre e intentar controlar os niveis de ruído na aula.
- Presentar as actividades ó neno con **apoios visuais** para facilitarlle a información.
- Establecer unha **boa comunicación verbal co neno**: falarlle fronte a fronte e con apoios xestuais.
- Fomentar a **participación nas actividades e xogos** cos seus iguais para mellorar as súas destrezas sociais e a integración dentro da escola.
- Comunicación e **coordinación continuada do profesor co equipo profesional que atende ó alumno** e coa familia deste.
- Nos casos que sexa preciso o centro terá que tomar **medidas extraordinarias** tales como: adaptacións curriculares, contar con docentes de apoio especializados en Audición y Linguaxe ou, en concreto, en discapacidades sensoriais.
- Tendo en conta a problemática actual, é preciso sensibilizar á poboación e fomentar o uso de **máscaras transparentes** que faciliten na medida do posible a lectura dos beizos e o recoñecemento da expresión facial. O uso da máscara supón a día de hoxe un auténtico desafío para as persoas con problemas auditivos e outras dificultades comunicativas coma as persoas con TEA posto que se lles priva o canal visual e a lectura dos beizos.

